

II Torneo Promoción Narón 2022

BASES DO TORNEO

Organizador: Círculo Xadrez Narón.

Data: Sábado, 18 de Xuño de 2022.

Lugar de xogo:

[PRAZA DE GALICIA](#) - 15570 Narón – A Coruña

Categorías:

- Sub - 8 “Promesas”:
 - Sub - 10 “Benxamíns”:
 - Sub - 12 “Alevíns”:
 - Sub - 14 “Infantís”:
- Nados nos anos 2014 e posteriores
Nados nos anos 2012 e 2013.
Nados nos anos 2010 e 2011.
Nados nos anos 2008 e 2009.

Sistema de xogo:

Suízo a 7 roldas de 20' Finish para as categorías Sub-8, Sub-10, Sub-12 e Sub-14. Non se aplicará o apéndice G. Aplicarase o apéndice A4 (partidas sen supervisión adecuada). Utilizarase o programa de emparellamento VEGA.

Calendario da competición:

Presentación e confirmación de listas: 10:30 horas.

Roldas: 11:00, 12:00, 13:00, 16:00, 17:00, 18:00, 19:00 horas.

Entrega de Premios e Clausura: 20:00 horas.

Inscricións:

Ata o xoves 16 de xuño incluído no formulario:

[FORMULARIO](#)

Aforo: Limitado. Xogadores seleccionados por orden de inscrición. Non se admitirán incorporacións pasada a data de inscrición, salvo erro na recepción de datos ou decisión da organización. Todos os xogadores haberán estar federados, en caso contrario informarase á organización ó correo torneocxn@gmail.com

A solicitude da inscrición no torneo implica a aceptación da totalidade das bases e normas do mesmo.

Desempates:

1. Enfrontamento particular.
2. Buchholz Brasileiro*
3. Buchholz total*
4. Progresivo ata as derradeiras consecuencias.

*** Nas partidas non disputadas computaranse como partidas contra un rival virtual.**

Byes: Permítense byes de medio punto, excluindo as dúas últimas roldas, sempre e cando sexan debidamente xustificadas. En caso contrario pode ser causa de expulsión do mesmo.

Xogadas ilegais:

Tres xogadas ilegais suporán a perda da partida; non se incrementarán tempos por cada xogada ilegal.

Á hora indicada para o inicio da sesión, poranse en marcha os reloxos dos xogadores que teñen as pezas brancas. O tempo permitido de atraso é ata a caída de bandeira.

Premios:

1. Trofeos para os cinco primeiros clasificados de cada categoría.
2. Medallas para todos os participantes ao finalizar o evento.
3. Reparto de agasallos entre os participantes mediante un Sorteio.

Para recoller o premio, é esencial estar presente na cerimonia de cerramento.

A Organización reserva para si o dereito de realizar os cambios necesarios nas bases.

Os participantes, autorizan á organización do torneo, a difusión de información ou a utilización de imaxes nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, podendo exercer os seu dereitos de reclamación no correo xadreznaron@hotmail.com

Xantar:

A organización ofrece a posibilidade de reservar praza en dous establecementos próximos á zona de xogo. A reserva farase a través do formulario de inscrición. As mesas son limitadas.